


OS LAVADOIROS DE COIA

REPASO POLOS 6 LAVADOIROS SITUADOS
NOS LÍMITES DA COIA TRADICIONAL



Sección.

ÍNDICE

Espazo Alicerces	2
Presentación: os lavadoiros	3
Os lavadoiros de Coia.....	6
1_Lavadoiro de San Gregorio	7
2_Lavadoiro de Fonte de Barros	9
3_Lavadoiro de Figueirido	11
4_Lavadoiro de Espedrigada	13
5_Lavadoiro de Barxiela	14
6_Lavadoiro de Esturáns	16

ESPAZO ALICERCES

Alicerce: Parte inferior dunha construción que a sostén soportando o seu peso...

Quen fomos para ser quen somos.

Espazo Alicerces xorde como asociación cultural en 2016. Porén, xa tiñamos certo percorrido -a título individual- en achegarnos a cuestións que eran do noso interese. Neste sentido, sempre sentimos especial curiosidade sobre o hábitat que nos tocou vivir: a cidade.

Pensamos que as cidades son unha sorte de palimpsestos que constantemente se están a reescribir; seguindo con esta metáfora, aínda existen na nosa contorna “textos” que deixaron os nosos antergos, e que debemos ser quen de atopar e ler.

Por outra banda temos claro que a cidade é un ecosistema vivo, que está en constante desenvolvemento e transformación. Máis alá de seren un espazo físico que acolle a vida dunha sociedade e que cumpre unha serie de funcións (económicas, administrativas, etc), a cidade tamén é o campo de xogo de intereses económicos que, ás veces, non coinciden co benestar da xente.

Así, necesariamente a veciñanza ten que ser un suxeito activo no desenvolvemento da cidade. Se nós non facemos barrio, non facemos cidade, alguén o fará por nós.

Web ➤ alicerces.arkipelagos.net

email ➤ alicercesrs@gmail.com

twitter ➤ [@alicercesrs](https://twitter.com/alicercesrs)

facebook ➤ facebook.com/alicerces

PRESENTACIÓN: OS LAVADOIROS

“Nós afirmamos que a magnificencia do mundo enriqueceuse cunha nova beleza: a beleza da velocidade. Un automóbil de carreiras...é máis belo que a Vitoria de Samotracia”

Extracto do Manifesto Futurista de Marinetti (1909)

Unha das principais diferencias entre as sociedades urbanas e as tradicionais (sexan do signo que sexan), é a distinta percepción que teñen do tempo. Inevitablemente, esta diferenza trasladarase ao espazo que constrúe cada sociedade, ao tecido físico que cada unha delas fía. Un dos obxectivos do urbanismo contemporáneo é diminuír tempos: trazamos vías que unen os lugares de traballo, de ocio, de consumo, configurando as cidades como un aglomerado de liñas de comunicación ao redor das cales se encaixan o resto das dotacións.

Deste xeito, o espazo perde o seu valor simbólico. A actual apreciación do espazo como territorio cunha compoñente netamente economicista, unida a nosa priorización do tempo sobre o espazo, xera unha carencia de referentes simbólicos e significativos no noso día a día. Recuperar o sentido histórico dos espazos sociais comporta recuperar vínculos co ambiente de vida cotiá e facer significativo o espazo como algo máis que o territorio de produción e reprodución social, permitindo unha relación co noso entorno máis orgánica e humana.

Pensamos que a recuperación do patrimonio cultural nas nosas cidades vai moito máis alá da concepción física e material do concepto. Non se trata só de conservar “materialidades”, senón tamén de preservar significados e símbolos. Calquera sociedade necesita un símbolo recoñecible na súa paisaxe, xa sexa unha mámoa para as sociedades neolíticas, unha igrexa para as rurais tradicionais, ou un centro comercial para as contemporáneas de cariz consumista.

A arquitectura popular non é unha excepción. No caso dos lavadoiros, a nosa visión ten que ir máis alá da importancia funcional que tiveron ata ben entrado o século XX, onde as lavadoras eran máquinas de luxo que poucas familias podían ter.

Nunha sociedade cuxas relacións estaban segregadas en razón do xénero -o rol do home no exterior da casa, na fábrica ou na taberna, dono dos espazos

de poder, mentres que o papel da muller ficaba no interior do fogar, responsable dos coidados da familia-, o lavadoiro convertíase no espazo de encontro da muller. Deste xeito, a percepción conceptual e simbólica sería moi diferente para as mulleres.

Se desmontamos as diferentes capas que conforman o que actualmente é o barrio vigués de Coia, baixo a última capa -constituída polo tecido urbano xurdido dos anos 70- aínda albiscamos retrincos do que foi a Coia tradicional, un territorio cunha forte compoñente rural.

Imos achegarnos aos lavadoiros tradicionais que aínda se conservan na Coia actual. Algúns deles esquecidos, outros rodeados de construcións contemporáneas que desfiguran a súa aparencia orixinal, e outros que seguen cumprindo a súa función, aínda que de maneira testemuñal.

O espazo xeográfico ao que nos imos referir é sempre o da Coia tradicional ou histórica, entendendo por esta o espazo descrito en documentación (apeos eclesiásticos do século XVI, documentación catastral histórica, etc).

Se comezáramos a descrición das súas lindes polo leste, a Coia histórica confrontaría coa vila de Vigo e coa freguesía de Santo Tomé de Freixeiro.

A divisoria partiría dende o areal de Coia, aproximadamente da zona onde hoxe se empraza o establecemento hoteleiro ao sur do Pazo de Congresos de Vigo (na prolongación da rúa Juan Ramón Jiménez), e subindo por las escaleiras de Peniche chegaría ata a actual López Mora (antigo camiño de Vigo a Baiona). Seguiría o trazado desta vía urbana, ata enlazar á confluencia coa avenida das Camelias (antigo lugar de Ganoi). De aquí, seguiría cara ao sueste (polo Calexón dos Anxos?, por González Sierra?) ata empalmar co camiño Cataboi, e continuaría pola zona da Espedrigada ata chegar á ponte medieval de Balaídos.

O límite sur da Coia histórica iría dende a vella ponte de Balaídos (tamén coñecida como Ponte da Veiga, ou –dun xeito erróneo- ponte romana de Balaídos) seguindo o curso do río Lagares, ata a ponte que comunicaba San Andrés de Comesaña con Coia, na estrada real de Vigo a Baiona.

Dende esta ponte, a linde xiraría cara ao norte seguindo a estrada real Vigo-Baiona, pola actual rúa A Cañiza, ata o extremo sur do camiño dos Pelaios diante do cemiterio de Bouzas. Neste punto xiraría cara ao oeste, paralelo ao muro de peche setentrional do camposanto, en dirección á rúa Teixugueiras. Ao chegar a esta nova vía urbana, xiraríamos cara ao norte, seguindo o seu

trazado ata conectar co camiño da Pardaíña. No entorno do cruce dese camiño co do Cruceiro, nos desviaríamos cara ao noroeste, ata conectar co camiño da Veiguiña. Dende aquí, a través do lugar de Carregal (actualmente pertencente a Alcabre) seguiríamos descendendo ata conectar co camiño de Roade, desembocando no mar no pequeno saínte do Fiunchal.

Coia, setembro 2017

Espazo Alicerces

OS LAVADOIROS DE COIA

Na actualidade consérvanse seis lavadoiros en zonas públicas dentro dos límites do territorio da Coia tradicional.

O seu estado de uso e conservación é dispar; deste xeito, temos o lavadoiro da Barxiela que aínda é utilizado tanto para lavar roupa como punto de abastecemento de auga potable, e a escasos 100 metros atopamos o de Esturáns, totalmente abandonado e esquecido.

1_LAVADOIRO DE SAN GREGORIO

_localización

Accedemos a este lavadoiro dende a rúa Tomás Alonso. Se camiñamos en dirección Bouzas, na coñecida como *Curva de San Gregorio* -antes de chegar ao nº 138- desviámonos á dereita pola rúa San Gregorio que nos conduce á traseira da gasoleira de Beiramar. A man esquerda desta pequena rúa atopamos o lavadoiro. As súas coordenadas son **42.22529, -8.74495**.

A contorna está ocupada por vivendas e naves industriais. É evidente que rúa sufriu un recrecemento que fixo que a superficie de uso do lavadoiro se atope uns 2 metros por baixo da actual rasante da rúa San Gregorio. Neste proceso urbanizador, o extremo sur do ben etnográfico desapareceu baixo os recheos da rúa. Está asociado a unha fonte en desuso.

_descricaoión

Está construído con perpiaño, e conserva unha pía cuadrangular asociada a unha fila de lousas perimetrais para lavar. Unha pía rectangular transversal á anterior abastece de auga o lavadoiro a partir da fonte. É moi probable que o lavadoiro continuara cara ao sur.

Ten unha cuberta plana de formigón sostida por seis piares.

_documentación histórica

No documento "***Mociones para solicitar fuentes y lavaderos en Bouzas y en Coya (14 de agosto 1924-septiembre 1924)***", consultado no arquivo municipal de Vigo, alúdese a que:

"...que el único lavadero que hay... (en Bouzas),... desde que dejó de llover, repugna ver el agua en que están lavando las pobres mujeres las ropas blancas y de color que, como se saben es de obreros de todas las clases de mar y tierra, y si tarda mucho en llover secará del todo..."

No documento "***Certificados de construcción de lavaderos y subvenciones concedidas para ellos como obras sociales del Movimiento (1952-53)***", aparecen varias certificacións de obras; entre elas:

"...En el lugar de San Gregorio de la parroquia de Bouzas, ...consistentes en la reparación del estanque de cantería, con nueva cubierta de Uralita. El importe de las obras fue de seis mil cincuenta pesetas. Las reciben el 30 de agosto de 1952 el arquitecto municipal y el teniente de alcalde. Hechas en base a subvención de la Diputación de Pontevedra..."

Na comunicación que a *Junta de Ayuda a Municipios e Instituciones* envía ao Concello (con data de 17 de xaneiro de 1952) comunicando as subvencións, especifica que *"...estas obras levarán, en lugar claro y visible, el YUGO y las FLECHAS, emblema del Movimiento y las iniciales J.A.M. (Junta de Ayuda a Municipios), con la fecha del año de ejecución..."*



2_LAVADOIRO DE FONTE DE BARROS

_localización

No punto no que se unen a rúa Marín coa rúa Vilagarcía de Arousa parte a rúa Baixada a Fonte de Barros. Seguímola durante uns 270 metros, e á man dereita atopamos o lavadoiro. As súas coordenadas son **42.22086, -8.74856**.

A súa contorna inmediata é unha perfecta síntese da vella Coia rural e o polígono xurdido nos anos 70. Deste xeito, ao norte e oeste atopamos casas de planta baixa e terras de cultivo, mentres que cara o sur e leste aparecen bloques de vivendas.

_descricao

Está construído con perpiaño, aínda que está revestido con azulexo. Ten unha pía rectangular asociada a unha fila de lousas perimetrais para lavar a roupa. Aliméntase, a través dunha canle, da fonte situada nunha esquina do espazo teitado.

Ten unha cuberta de formigón a dúas augas sostida por oito piares. Ten un muro de peche perimetral a diferentes alturas, aínda que en ningún caso pecha por completo o espazo.

_documentación histórica

No documento "***Mociones para solicitar fuentes y lavaderos en Bouzas y en Coya (14 de agosto 1924-septiembre 1924)***", consultado no arquivo municipal de Vigo, atopamos unha referencia a este lavadoiro:

"...Víctor Montenegro Feijoó, concejal de este Excmo Ayuntamiento, tiene el honor de proponer a la Excma Comisión Permanente se digne acordar el aprovechamiento de un buen caudal de agua, y arreglo de la Fuente y Lavadero llamado Fuente de Barros en la parroquia de Coya en cuyo lavadero lavan muchos vecinos de Bouzas.

Pues es tal el caudal del agua que allí nace y existe, que trabajándola con muy poco gasto, se puede surtir a Bouzas de agua con Fuentes establecidas al efecto, de que tanto carece.

No hay necesidad de hacer estudios, ni proyectos, bastaría con que el capataz de las Obras Municipales, girase visita a dicho lugar para que se cerciorase y ordenase los trabajos que son de urgencia necesaria para que se resuelva de una vez el problema de las aguas en Bouzas, por que ya nadie ignora la falta de agua que existe en este pueblo, y que hasta la fecha ningún Ayuntamiento anterior, no pudo, o no quiso resolver tan grave problema con es el de la falta de agua.

Es cuanto tengo que rogar ala Excma Comisión que Dios guarde.

Bouzas, 24 septiembre de 1924....”

No documento **“Lavaderos y fuentes públicas del término municipal de Vigo, en el año 1946”**, cítanse 25 lavadoiros -entre eles o “Lavadero de Barros, Coya”-, e entre as fontes, a “Fuente de Barros, Coya”.



3_LAVADOIRO DE FIGUEIRIDO

_localización

Baixamos pola rúa Tui, e poucos metros antes de chegar ao Centro de Saúde, desviámonos á esquerda, cara ao camiño Figueirido. Continuamos durante 110 metros, e collemos un sendeiro que parte á dereita da rúa. Ao final do camiño, 40 metros despois, atopamos o lavadoiro.

As súas coordenadas son **42.2159, -8.74507**.

Atópase nunha das zonas de Coia que quedaron ao marxe da urbanización a partir dos anos 70. Así, xunto ás vivendas de planta baixa e algunha pequena nave industrial que se articulan ao longo do camiño Figueirido, atopamos unha gran superficie de terras, xa sexan incultas ou con pequenas explotacións familiares.

_descricao

Está construído con perpiaño, e o interior está revestido con azulexo. A súa pía é rectangular, e semella que ao realizar o peche perimetral que presenta na actualidade anularon o sector oeste con respecto da súa extensión orixinal. Asóciase a unha fila de lousas perimetrais en tres dos seus lados, para lavar a roupa. Completa o conxunto unha fonte e un pequeno banco de pedra.

Ten unha cuberta plana de formigón, asociada a seis piares. Esta estrutura está pechada con formigón en tres dos seus lados, quedando só aberta a zona sueste, pola que accedemos ao lavadoiro.

_documentación histórica

No documento ***“Instancia para arreglo fuente Figueirido (9 de diciembre de 1924)”***, consultado no arquivo municipal de Vigo, atopamos información histórica respecto a este lavadoiro:

“...Al Excmo Ayuntamiento de Vigo:

Victoriano Riobo Pazó, Pte de la sociedad de Agricultores de Coya a esa excma corporación expone; que esta sociedad en reunión celebrada el día 5 del corriente acordó dirigirse a esa corporación pidiendo que por el

Ayuntamiento se acuerde el saneamiento y cobertura de la Fuente llamada de Figueirido por ser de gran utilidad y estar ya empezadas las obras y luego abandonadas no sabemos con que motivo.

Es labor que no dudamos alcanzar de esa excma corporación cuya vida guarde Dios muchos años.

Coya 9 de diciembre de 1924


Fdo:

El presidente Victoriano Roibó

El secretario: ¿Mariano? Casal

Sesión de 10 de diciembre de 1924:

La Comisión Permanente acordó pase la anterior instancia a la Subcomisión de Aguas y Alumbrado, para su informe..."



4_LAVADOIRO DE ESPEDRIGADA

_localización

Collemos a avenida de Balaídos en dirección Castrelos. Á altura do número 58 desviámonos á esquerda, cara a rúa Espedrigada. Camiñamos uns 60 metros, e á dereita atopamos o lavadoiro.

As súas coordenadas son **42.21315, -8.73595**.

O seu entorno orixinal está completamente desfigurado. Atópase encaixado entre dous edificios e a rúa Espedrigada, sendo lugar habitual de aparcamento de coches.

_descricaoión

Está construído con perpiaño, co interior está revestido con azulexo. A súa pía é rectangular, e ten unha fila de lousas perimetrais en tres dos seus lados, para lavar a roupa.

Presenta unha cuberta de formigón a dúas augas sostida por seis piares, e ten un peche de formigón en dous dos seus lados.



_documentación histórica

Non atopamos documentación histórica asociada a este lavadoiro.

5_LAVADOIRO DA BARXIELA

_localización

Partimos dende a praza da Consolación, diante da igrexa de San Martín de Coia, e baixamos polo camiño da Barciela. A uns 320 metros, a man esquerda, atopamos o lavadoiro.

As súas coordenadas son **42.22213, -8.74195**.

Localízase noutra zona que non sucumbiu ao crecemento urbanístico; vivendas unifamiliares e un vello equipamento industrial rodean este ben cultural. Porén, é o único lavadoiro que aínda mantén a súa función orixinal. De cando en vez pódese ver a xente utilizalo para lavar roupa (moi habitual cos feirantes das festas de Coia), ou collendo auga na súa fonte.

_descricao

É rectangular, estando construído con perpiaño. O seu interior está revestido con azulexo. Nun extremo do lavadoiro, unha fonte aporta un xeneroso caudal de auga nunha pía cuadrangular. O conxunto está pechado en dous dos seus lados cun muro, e seis piares sosteñen un teito de formigón a dúas augas.

_documentación histórica

No documento **“Inventario de fuentes, año 1924”** consultado no arquivo municipal de Vigo, enumérase a presenza deste lavadoiro:

“...Lavadero llamado Bargiela. Está bien...”

No documento **“Lavaderos y fuentes públicas del término municipal de Vigo, en el año 1946”** consultado no arquivo municipal de Vigo, fálase dunha *“...fonte da Consolación...”*. Quizais poida tratarse da fonte da Barxiela.

No documento **“Certificados de construcción de lavaderos y subvenciones concedidas para ellos como obras sociales del Movimiento (1952-53)”**, aparecen varias certificacións de obras; entre elas:

“...En el lugar de San Gregorio de la parroquia de Bouzas, ...consistentes en la reparación del estanque de cantería, con nueva cubierta de Uralita.

El importe de las obras fue de seis mil cincuenta pesetas. Las reciben el 30 de agosto de 1952 el arquitecto municipal y el teniente de alcalde. Hechas en base a subvención de la Diputación de Pontevedra...

...Idem para el lavadero en el camino de Bargiela, con un coste de 9.100 pesetas...".

Na comunicación que a *Junta de Ayuda a Municipios e Instituciones* envía ao Concello (con data de 17 de xaneiro de 1952) comunicando as subvencións, especifica que "...estas obras levarán, en lugar claro y visible, el YUGO y las FLECHAS, emblema del Movimiento y las iniciales J.A.M. (Junta de Ayuda a Municipios), con la fecha del año de ejecución...".



6_LAVADOIRO DE ESTURÁNS

_localización

Atópase moi preto do de Barxiela. Partimos daquel e subimos de novo cara á praza da Consolación. A uns 70 metros sae un camiño á esquerda; continuamos durante 30 metros e, a beira esquerda do camiño, atopamos o lavadoiro de Esturáns.

As súas coordenadas son **42.22126, -8.74174**.

Localízase no barrio de Esturáns, conformado por vivendas unifamiliares e terras abandonadas ocupadas por mato.

_descricaoión

Está construído con perpiaño, cunha pía rectangular de pequeno tamaño, cunha fila de lousas para lavar a roupa. Aliméntase a través dunha pequena fonte en moi mal estado. É moi probable que nalgún momento estivese teitado, xa que se aprecian restos de piares feitos con ladrillo. O espazo demárcase cun muro de peche irregular construído con perpiaño, formigón e ladrillo, ao que se accede a través dunhas escaleiras.

O seu estado é dun total abandono, e non atopamos documentación histórica asociada.

